


# Polideportivo



## TORNEO VERÁN CLUB FLUVIAL DE LUGO

**27 xuño - 6 xullo** Club Fluvial de Lugo

Competición dirixida a xogadores e xogadoras de todas as categorías

## DARDOS

### COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Parejas V. 1	Javier & Javier	Alfonso/Focus	Hoxe
Parejas V. 2	Tibor	San Xiao Team	Hoxe
Parejas V. 2	Terracita 1	Siglo XXI	Hoxe
Parejas V. 3	Tiempos O Chao	Ilusión	Hoxe
Parejas V. 4	Gaucho	Darts Vader	Hoxe
Parejas V. 4	Chacaritas	Icaro	Hoxe
Parejas V. 4	Valla Dos	Tuerce Darts	Hoxe
Parejas V. 5	Cristal Pro	Meira 3	Hoxe
Parejas V. 5	Adrián & Víctor	Outada/Paquito	Hoxe
Parejas V. 6	Ruxedarts	Darman	Hoxe
Parejas V. 7	Os de Monforte	Yo qué sé	Hoxe
Parejas V. 7	López & Matt	Os de Pili	Hoxe
Parejas V. 8	Monopoly	Adam/Serry	Hoxe
Parejas V. 8	Amador & Baran	Pitufos	Hoxe
Parejas V. 10	Bolas de Cristal	Luisimi/Mon	Hoxe
Parejas V. 11	Perfil	As Rapatundas	Hoxe
Parejas V. 12	Dam&Sam&Sam	Lucifer	Hoxe
Parejas V. 13	A Terracita B	Sastre/Tito	Hoxe
Parejas V. 14	Manu & Camba	O Campo	Hoxe
Parejas V. 16	Non Teñen Tempo	Victor&Javito	Hoxe
Parejas V. 16	Canadienses	Surki darts	Hoxe
Parejas V. 16	Gaucho da Casa	Rocketeam	Hoxe
Parejas V. 16	Rocketeam	Gaucho da Casa	Hoxe
Parejas V. 16	Victor & Javito	Non Teñen Tempo	Hoxe
Parejas V. 17	Mario & Jorge	Barba/Bambán	Hoxe
Parejas V. 17	Cereales Killers	Pide tú	Hoxe
Parejas V. 18	Os Fisiri	Galileo	Hoxe
Parejas V. 19	IDEM	Adri/Beni	Hoxe
Parejas V. 20	Náutico	Karisei	Hoxe
Parejas V. 22	Breogán	Mariachi	Hoxe
Parejas A	Manu/Chan	Los Tramaos	Hoxe
Parejas A	Dani/Danis	O Chao	Hoxe
Parejas A	Javier/Abuelo	No se Aplaza	Hoxe
Parejas A	Roxo/Piplus	Os Bichos	Hoxe
Parejas B	Richi/Karlos	Chacaritas	Hoxe
Parejas B	Monopoly	Blues Brothers	Hoxe
Parejas B	Tiempos	Adrián/Mera	Hoxe
Parejas B	Ruxedarts	Valla Dos	Hoxe
Parejas C	A Veiga	Os Novos	Hoxe
Parejas C	Bar Mario	Damián/Pereiras	Hoxe
Parejas C	Perfil/Ríos	Victor/Jorge	Hoxe
Parejas C	O Braseiro	Bolas de Cristal	Hoxe
Parejas D	As Lacaras	Tiempos Vou	Hoxe
Parejas D	Canadienses	Os Abuelos	Hoxe
Parejas D	Dami/Samuel	Os de Monforte	Hoxe
Parejas D	Manu/Camba	Nessa/lalas	Hoxe

## BALONCESTO

### Desde o xoves ata mañá. Santiago de Compostela JAMBOREE DE MINIBASKET

Os equipos minibasket masculino e feminino de Estudiantes Lugo representan ao baloncesto provincial neste torneo organizado pola Federación Galega de Baloncesto e o Concello de Santiago no pavillón do Restollal, na capital galega.

A competición reunirá máis de 345 xogadores e xogadoras de 22 equipos - 10 masculinos e 12 femininos- de Galicia, Melilla, Castela León e Navarra.

## ATLETISMO

### Hoxe. A Coruña CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO

Máis de trinta atletas lucenses participan nas distintas probas deste campionato absoluto que se celebrará ao longo da xornada na Coruña. Algúns deles, como Miguel Pérez (100 mv), Pablo Modia (Lonxitude) de Lucus ou Marcos Cintrón (5000 marcha) de Lugo RC parten coas mellores marcas nas súas respectivas modalidades.

### Hoxe e mañá. Castellón CAMPIONATO ESPAÑA SUB 16

Alex Díaz ( 300 ml) e Antón Martínez (3000 ml) e Aitor Fernández (Pértega), Mateo Díaz ( 5000 marcha), e Catuxa Carreira (Hexatlón) de Atlética Lucense; Álvaro López (600 ml), Carmen González (600 ml), Lucía Sánchez (100 mv e Altura) Iker González (1000 ml) de Franciscanos Lugo; Carla Mourelle (triple salto) de Lucus Caixa Rural; Paula Piñón (Disco e Xavelina) e Nerea Lage ( 3000 marcha) de Atletismo Frial participan neste campoinato que se celebra durante a fin de semana en Castellón.

## TENIS

### 27 xuño - 6 xullo. Club Fluvial Lugo TORNEO VERANO CLUB FLUVIAL DE LUGO

O Club Fluvial de Lugo organiza por primeira vez esta competición dirixida a xogadores e xogadoras de todas as categorías. A comezos de semana disputouse a Fase Previa, e desde o xoves está en marcha a Fase Final do torneo.

Nesta Fase Final, todos os partidos serán a tres sets menos nas categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e júnior onde o terceiro set será substituído por un súper tie-break.

Ao finalizar a competición entregaranse os trofeos de campión e subcampión.

## NATACIÓN

### Hoxe e mañá. Ourense CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN

A piscina Rosario Dueñas de Ourense acolle esta fin de semana o Campionato Galego Alevín, no que participarán 223 nadadoras e nadadores de 26 clubs de toda Galicia.

Na competición estarán Club Fluvial de Lugo -12 competidores-, CN Portamiñá -12 competidores-, CN Monforte de Lemos - 5 deportistas- e CN Xove -1 nadador-.

As probas realizaranse en horario de mañá, a partir das 10:00 h., e de tarde, desde as 17:00 h.

### Mañá. Piscina Exterior Friga APERTURA TEMPORADA ESTIVAL

A piscina municipal exterior da Friga abre mañá ao público, inaugurando a temporada estival. O horario de baño será de luns a venres, de 12:00 a 20:30 horas, e os sábados e domingos, de 12:00 a 20:00 horas.

Os prezos para esta nova campaña mantéñense coma nos últimos anos, 1 euro de entrada para os menores de 15 anos e 2, 20 para os adultos.

## AUTOMOBILISMO



### Do 4-9 de xullo VI RALLY TURÍSTICO TERRAS DO INCIO

O Rally Turístico Terras do Incio reunirá a 25 coches clásicos de España, Portugal e Bélxica que dende o 4 ao 9 de xullo percorreren a provincia para coñecer os seus recursos turísticos, culturais e gastronómicos. O percorrido comezará en Astorga e pasará por O Barco de Valdeorras, Lugo, O Incio, Ribadeo, Taramundi, Oviedo e finalizará en Las Caldas.

Ademais do propio percorrido, inclúense actividades complementarias de tipo cultural como poden ser visitas a lugares emblemáticos como o casco histórico de Lugo, o embalse de Villasouto, o Castro de Viladonga, o Aeródromo de Rozas, a Praia das Catedrais ou a Festa Indiana de Ribadeo. Haberá tamén comidas e actuacións musicais nas que os condutores de coches de marcas tales como Ferrari, Maserati, Alfa Romeo, Aston Martin, Jaguar, Porsche e Mercedes.

## XADREZ

### Hoxe e mañá. Padrón CAMPIONATO ESPAÑA SELECCIÓN INFANTÍS E CADETE

Marta Quintás e Pablo López, da Escola Luguesa de Xadrez, serán dous dos seis integrantes da selección infantil galega neste torneo que se disputa ao longo da fin de semana no Hotel Scala de Padrón. Paula Quintás, tamén da ELX, será parte da selección cadete nesta competición entre selección autonómicas.

## FÚTBOL SALA



### Hoxe e mañá. A Mariña MEMORIAL HÉROES DO ORZÁN

Durante a fin de semana disputáanse as dúas últimas xornadas do torneo de fútbol sala Héros do Orzán, que comezou o mércores coa participación de setenta equipos de clubs Galicia, Asturias, Madrid e Castela e León.

Ao longo do día, os pavillóns de Vista Alegre e Monte Castelo de Burela, os pavillóns municipais de Viveiro e Xove, o da Veiga, en San Cibrao e o Martínez Otero de Foz acollen as eliminatorias -cuartos e semifinais- das distintas categorías en competición prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, en horario de mañá e tarde. Os primeiros partidos comezaran a xogarse a partir das 10:00 horas.

As finais disputaranse mañá no pavillón de Vista Alegre. Os prebenxamíns inaugurarán a xornada ás 09:00 horas, e pecharana os xuvenís que disputarán a final ás 14:00 horas. A entrega de trofeos está prevista para as 15:00 horas no mesmo recinto.

O Memorial, que este ano chega á súa sexta edición, rende homenaxe a José Antonio Villamor Vázquez, Rodrigo Maseda Lozano e Javier López López, os tres policías falecidos na praia do Orzán en 2012 cando tentaban rescatar a un rapaz que tamén morreu no sucesos. A súa actuación en acto de servizo recoñeceu co título simbólico de "Héros de Orzán", que deu nome ao torneo organizado pola Fundación Imdecum.

## GOLF

### Do 4-6 de xullo. Pantón VI TORNEO RIBEIRA SACRA INTERNACIONAL LADIES OPEN

Mais de 140 xogadoras de 29 países participarán neste torneo internacional de golf feminino que se celebrará no campo de golf de Augas Santas, en Pantón, do mércores ao venres. Trátase do único torneo do Circuito Europeo Feminino que ten lugar en España. A entrada ás 3 xornadas de competición é totalmente gratuita.

Será a sexta edición do torneo Ribeira Sacra Patrimonio de la Humanidade Internacional Ladies Open, e a oitava parada do circuito mundial LETAS (Let Access Series) de golf, o circuito de desenvolvemento do Tour feminino europeo no que este ano participan golfistas dos 5 continentes e 29 países. Inglaterra é o país que máis xogadoras aporta, con 28, seguido de Francia, con 20, e España con 18. Tamén participarán xogadoras de India, Sudáfrica, México e Suiza.

Ademais da propia competición, haberá unha ampla programación de actividades complementarias que comezan xa o luns coa presentación oficial do torneo no Concello de Monforte de Lemos e unha solta de globos na Praza da Compañía coas bandeiras dos países representados.

As xornadas continuarán o día 3 de xullo no campo de golf Oca Augas Santas co Torneo ProAm Ribeira Sacra, unha competición entre 20 equipos integrados por unha xogadora profesional e tres xogadoras afeccionadas.

A continuación, as participantes gozarán dunha Romaría tradicional nos xardíns do hotel balneario, e farase entrega dos premios, a cargo do Presidente da Real Federación Española de Golf, Gonzaga Escurriaza, e o Presidente da Federación Galega de Golf, Daniel Fernández. Para finalizar a xornada, descubrirán algúns dos tesouros turísticos da Ribeira Sacra.

Durante o mércores 4 e o xoves 5 de xullo disputaranse as dúas primeiras xornadas do Ribeira Sacra Patrimonio da Humanidade International Ladies Open. Accederán aproximadamente as 40 primeiras clasificadas despois do corte á xornada final do venres 6 de xullo, que finalizará coa entrega de premios e a foto oficial da ganadora no campo de golf.

Para rematar, celebrarase o torneo aberto amateur Gambito Oca Hotels, baixo a modalidade individual stableford hándicap.



# Máis de 60 xogadores lucenses no Campionato Galego de Billar Pool

Desde onte está en marcha o evento máis agardado do ano para os xogadores de billar, o Campionato Galego de Billar Pool, que se disputará durante tres fins de semana consecutivos no Hotel Scala de Padrón, que terá as portas abertas para que os afeccionados poidan seguir os torneos de forma gratuíta. Serán xornadas maratonianas de pool con fases previas e fases finais de competicións individuais, por parellas e por equipos da primeira á cuarta categoría, en categoría absoluta, pero tamén júnior, xuvenil e feminina.

Como novidade este ano, a todas as modalidades habituais do Campionato Galego de Billar Pool, súmase o Campionato Galego de Bola 9, unha variante á que se xoga con nove bolas de color numeradas do 1 ao 9 e unha bola branca. Consiste en golpear coa bola branca á bola de cor con número máis baixo, entre as que haxa sobre a mesa. A competición, nesta modalidade, resolverase esta fin de semana. En xogo estarán un total de 1.300 euros para repartir entre os oito primeiros xogadores -400 para o gañador-.

O Campionato retratará o nivel do billar pool na Provincia, a segunda con maior número de xogadores e de equipos competindo regularmente ao longo da temporada - uns 150 billaristas e uns 60 equipos- despois da de Pontevedra. A delegación lucense no Campionato nesta primeira fin de semana é de máis de 60 xogadores e xogadoras.

## Axenda da fin de semana

Onte ás 18:00 horas, comezou a competición individual sénior de 3ª categoría, cun cuadrante de 64 xogadores, entre eles os lucenses José R. Álvarez, Samuel Yanes, Carlos M. Ferrandiz, Amalia Buide, José Cazón, Manuel Pérez, Jaime Fontal e Justo Pérez.

Unha hora despois comezou a competición individual en bola 9 coa participación de trinta e dous xogadores - de 1ª e 2ª categoría- que se disputa en mesas de nove pés a KO directo, na primeira ronda a sete partidas gañadas, e a oito desde os oitavos de final, que arrancan esta mañá as 10:00 horas.

Á esa mesma hora comeza tamén a competición para os equipos de 4ª categoría, na que estarán presentes 10 equi-

pos lucenses: Open Pool A. S., Open Pool Pooleros, Open Poolmonia, Open Pool Tutxy Sport, Open Pool 2DCG, Open Pool Scuscus, Open Pool WNM, Tiempos Bolita&Bolita, Tiempos O Braseiro e Tiempos S. XXI.

Esta tarde, a partir das 19:00 horas, e mañá, desde as 10:00 horas, xogaranse as fases previas A -cuadrante de 32 xogadores- e B -cuadrante de 64 xogadores- en individual de cuarta categoría. Será a quenda para os lucenses Laura Méndez, Carlos Méndez, Aarón Yáñez, Daniel Nogueiro, Javier Balbas, Miguel Ángel Nogueiro, Marco García, Daniel Rodríguez, Ramón Quiroga, Víctor López, Miguel Ángel Regueiro e Nacho Fernández.

A competición seguirá as dúas vindeiras fins de semana. Dacordo cos resultados logrados en pasadas edicións, o Campionato podería rematar con xogadores e equipos lucenses nos podios. A participación no campionato galego é o principal aliciente para os billaristas que se preparan habitualmente en partidas ou torneos organizados polos propios clubs e en ligas locais.

Nos últimos anos, o billar lucense alcanzou unha proxección notable grazas a xogadores coma Óscar Capón, Francisco Doval, Óscar Balboa ou Iván Núñez. Todos eles lograron o título de campións galegos e acumularon tamén experiencias en torneos fóra de Galicia.





A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

SABADO 30 MAIO 2018

# III Edición DEPORCAMPUS

**VIVEIRO ACOLLE POR TERCEIRO ANO CONSECUTIVO** este proxecto formativo en colaboración co RC Deportivo da Coruña que se levará a cabo no Cembedo

Por terceiro ano, o Viveiro CF organiza, en colaboración co Deportivo da Coruña, o DeporCampus que se celebrará do 2 ao 6 de xullo nas instalacións municipais do Cembedo. Durante esa semana, os asistentes participarán en sesións de adestramento dirixidas por técnicos que levan os equipos da canteira branquiazul, coa colaboración de adestradores do club mariño.

O Campus está dirixido a nenos entre os 6 e os 14 anos que teñen unha oportunidade de mellorar a súa formación como futbolistas, seguindo a metodoloxía de traballo dun club profesional.

As sesións desenvolveranse de 10.00 h. a 14.00 horas, en varios grupos de traballo segundo as idades. Os rapaces participarán en diferentes actividades e contextos de ensinanza, desde circuitos coordinativos e xogos de relación

con balón, ata o xogo real dos partidos dunha competición interna, sempre nun ambiente lúdico. O RC Deportivo proporciona a cada participante unha equipación completa, camiseta, pantalón e medias; e un almorzo a media mañá.

### Hoxe rematan as inscricións

Os interesados en participar no Campus aínda poden inscribirse ao longo do día doxe poñéndose en contacto a través do número de teléfono 629 864 357. A tarifa é de 120 euros ou 100, con desconto, para xogadores do Viveiro CF, socios e accionistas do Real Club Deportivo, así como para as familias numerosas, para as que inscriban a máis dun fillo ou que teñan máis dunha persoa en paro.

Os organizadores esperan superar o centenar de participantes nunha actividade que forma parte do acordo de colaboración entre os dous clubs.



As actividades do Campus lévanse a cabo sobre o terreo de xogo do Cembedo

INSCRÍBETE E INFÓRMATE  
**DEPORCAMPUS.RCDEPORTIVO.ES**

✉ [deporcampus@rcdeportivo.es](mailto:deporcampus@rcdeportivo.es) ☎ 981 25 95 00 Ext. 1-2

**RCDEPORTIVO**

**DEPOR CAMPUS**  
CABREIROÁ VIVEIRO 2018

**2 | 6**  
**XULLO**  
Nenas e nenos de 6 a 14 anos



A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

